

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GROVE, O

Ordenanzas e Regamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDES DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

De conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, finalizado o período de exposición pública sen presentarse reclamación ningunha, enténdese definitivamente adoptado o acordo do Pleno do Concello do Grove de data 02/11/2020, de aprobación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de redes de sumidoiros e depuración de augas residuais, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 213 do 04/11/2020, procedéndose segundo o disposto no artigo 17.4 do devandito texto legal, á publicación do acordo automaticamente elevado a definitivo.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDES DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Artigo 1. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polo artigo 133.2 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1.985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 20.4.R do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécese a taxa pola prestación do servizo de redes de sumidoiros e depuración de augas residuais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa:

- A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.
- A prestación do servizo de vixilancia, inspección e limpeza obrigatoria de sumidoiros particulares, fosas sépticas e pozos negros.
- O servizo de evacuación de excretas, augas negras, residuais e pluviais e o servizo de depuración destas serán de recepción obrigatoria, polo que, en consecuencia, todos os inmobles enclavados a distancia menor de cen metros dalgunha arteria da rede de sumidoiros deberán estar dotados destes servizos, devindicándose as taxas correspondentes aínda cando os suxeitos pasivos non realicen a acometida do predio á rede xeral.



Artigo 3. Suxeitos pasivos

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, establecementos e instalacións de calquera uso, sexa a título de propietario ou usufrutuário, habitacionista ou arrendatario, onde este establecido o servizo de sumidoiros, ben porque o soliciten ou ben porque resulten beneficiadas ou se sirvan deste.

2.- Son suxeitos pasivos obrigados ao pagamento da taxa, na súa condición de substitutos dos contribuíntes, os propietarios dos inmobles, xa sexa das vivendas locais, ou instalacións, os cales poderán repercutir, de ser o caso, as cotas satisfeitas aos usuarios daqueles, beneficiarios do servizo.

Artigo 4. Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 46 Lei 58/2003, xeral tributaria.

Artigo 5. Beneficios fiscais

Soamente se admitirán nesta taxa as exencións e bonificacións que veñan establecidas en tratados ou acordos internacionais ou en normas con rango de lei.

En casos excepcionais, e logo dun informe xustificativo do departamento de Servizos Sociais, onde se poña de manifesto a imposibilidade de facer fronte ao pagamento do tributo, a Xunta de Goberno Local poderá acordar a exención, por un tempo determinado, do obrigado tributario ao pagamento da taxa.

Artigo 6. Cota tributaria

Os criterios de imputación responden á cantidade de auga consumida por intervalos de metros cúbicos e usos para os que se utiliza. As medicións serán as mesmas que se realicen para a subministración de auga a través dos contadores instalados para tal efecto.

Para aqueles abonados que teñan sistemas de depuración con autorización de vertidos por parte de Augas de Galicia, admitirase a obtención da base imponible mediante contadores homologados do volume de vertido ou mediante estimación obxectiva (100 litros/día por traballador).



TARIFAS POR REDES DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS*TARIFAS SEMESTRAIS*

		SANEAMENTO E DEPURACIÓN DOMÉSTICOS. COTA FIXA	19,00 €
DOMÉSTICO	BLOQUE 1	Saneamento e depuración de $\leq 60 \text{ m}^3$	0,26 €/m ³
	BLOQUE 2	Saneamento e depuración de $>60 \text{ a } \leq 150 \text{ m}^3$	0,29 €/m ³
	BLOQUE 3	Saneamento e depuración de $>150 \text{ a } \leq 300 \text{ m}^3$	0,32 €/m ³
	BLOQUE 4	Saneamento e depuración de mais de $>300 \text{ m}^3$	0,35 €/m ³
		SANEAMENTO E DEPURACIÓN INDUSTRIAL. COTA FIXA	38,00 €
INDUSTRIAL	BLOQUE 1	Saneamento e depuración de $\leq 60 \text{ m}^3$	0,30 €/m ³
	BLOQUE 2	Saneamento e depuración de $>60 \text{ a } \leq 200 \text{ m}^3$	0,32 €/m ³
	BLOQUE 3	Saneamento e depuración de $>200 \text{ a } \leq 500 \text{ m}^3$	0,34 €/m ³
	BLOQUE 4	Saneamento e depuración de mais de $>500 \text{ m}^3$	0,36 €/m ³
		SANEAMENTO E DEPURACIÓN ESPECIAL. COTA FIXA	38,00 €
ESPECIAL	BLOQUE 1	Saneamento e depuración de $\leq 60 \text{ m}^3$	0,30 €/m ³
	BLOQUE 2	Saneamento e depuración de $>60 \text{ a } \leq 200 \text{ m}^3$	0,32 €/m ³
	BLOQUE 3	Saneamento e depuración de $>200 \text{ a } \leq 500 \text{ m}^3$	0,34 €/m ³
	BLOQUE 4	Saneamento e depuración de mais de $>500 \text{ m}^3$	0,36 €/m ³

No caso especial de que o obrigado ao pagamento non dispoña de subministración municipal de auga e se sirva de rede privada ou de pozo, quedará obrigado a instalación de caudalímetro.

De non proceder a súa instalación, quedará suxeito ao pagamento desta taxa mediante a cantidade media dos consumos individuais do período, segundo o uso que lle sexa de aplicación.

Artigo 7. Devindicación

1. Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír, para todos aqueles que no momento de entrada en vigor da presente taxa non estivesen conectados á rede de sumidoiros municipal, desde o momento en que se conceda a autorización para a conexión á rede xeral de sumidoiros que conducen as augas residuais, nos mesmos termos que dispón a ordenanza municipal reguladora da subministración de auga.

No caso de servirse da subministración sen autorización, nace a obriga de contribuír desde o momento en que aquel se producise, sen prexuízo das sancións a que dese lugar.

2. Unha vez sexa concedido ou utilizado o servizo, as cotas devindícaranse semestralmente o primeiro día do período que sinala a tarifa da taxa ou, se é o caso, na data que se realice o feito imponible.



Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247

Artigo 8. Liquidación e período impositivo

1. O período impositivo coincidirá con semestres naturais.
2. A liquidación de alta da taxa realizarase pola aplicación da tarifa establecida sobre o consumo do período, e notificarase individualmente, seguindo o procedemento de ingreso establecido no Regulamento xeral de recadación.
3. Unha vez producida a alta no correspondente padrón, a liquidación e ingreso desta taxa acomodarse ao procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula etc.), mediante notificación colectiva con anuncio no Boletín Oficial da Provincia e a través de bandos que establecerán os períodos de ingreso.
4. No caso de non poder tomarse lectura do contador por non estar en funcionamento, a liquidación farase sobre a media das dúas últimas lecturas, se existisen, en caso contrario, liquidarase sobre a media do consumo do período para os usos iguais o que se pretende liquidar.

Disposición derogatoria

Queda derogada a anterior ordenanza reguladora da prestación do servizo de redes de sumidoiros e depuración de augas residuais así como todas aquelas disposicións de menor ou igual rango que contradigan o disposto no presente texto.

DISPOSICIÓN FINAL.-

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Alcalde – Jose Cacabelos Rico.

